



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (ACTUALMENTE VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN) E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA PARA APOIAR A ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO DESTA ENTIDADE DURANTE O ANO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia,

DECLARA:

Que esta Consellería formalizou coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia (FCTGG), para o apoio ao funcionamento e cumprimento das funcións da dita Fundación, en concreto para apoiar o mantemento da estrutura de persoal, os gastos de aprovisionamento, servizos externos e de funcionamento, que lle permitan realizar as actividades de interese xeral para o sector mineiro de Galicia que se indican a continuación:

- Realización de proxectos de investigación fundamental ou industrial, desenvolvemento e innovación tecnolóxica co obxectivo de xerar e difundir coñecemento tecnolóxico.
- Realización de servizos de asesoramento tecnolóxico non estandarizados como diagnósticos tecnolóxicos ou estudos de viabilidade técnica.
- Realización e tramitación de proxectos sectoriais que potencien a competitividade e a innovación do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios en Galicia.
- Realización de servizos de asistencia técnica, como a formación técnica especializada, a vixilancia e prospectiva tecnolóxica e de mercado, así como a difusión de información e outros servizos análogos vinculados á xestión do coñecemento, a tecnoloxía, a innovación e a competitividade do sector da pedra natural e dos seus sectores complementarios.
- A colaboración na transferencia de resultados de investigación entre os





- organismos públicos e privados de investigación e as empresas do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios.
- O fomento e desenvolvemento de investigación cooperativa entre empresas, especialmente PEMES pertencentes ao sector da pedra natural e aos seus sectores complementarios.
 - A transferencia de tecnoloxía ao sector empresarial, especialmente entre PEMES pertencentes ao sector da pedra natural e os seus sectores complementarios.
 - Apoio á creación de empresas. Asesoramento estratéxico durante e despois da creación.
 - Difusión de información, coñecemento e oportunidades tecnolóxicas e boas prácticas para a mellora da competitividade.
 - Fomento da integración das empresas en redes e foros de interacción permanentes, nacionais e internacionais, que posibiliten a súa internacionalización, a mellora dos procesos de aprendizaxe e a participación en plataformas tecnolóxicas.
 - A realización de actividades de formación, difusión e servizos tecnolóxicos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A FCTGG é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, con plena capacidade xurídica e de obrar para o cumprimento dos seus fins, que se rexe polos seus estatutos do 31.05.2019 e polas disposicións legais e regulamentarias que lle son de aplicación, en concreto, pola Lei do Parlamento de Galicia 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das Fundacións de Interese Galego, a Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo e o Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.

Que segundo establece o artigo 4 dos Estatutos da Fundación, o obxecto principal que se lle atribúe é o de contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade da industria do sector da pedra natural e dos seus sectores complementarios, mediante a xeración de coñecemento tecnolóxico, realizando actividades de I+D+i e desenvolvendo a súa aplicación.

As actuacións que contempla o convenio teñen como obxectivo a mellora da competitividade do sector no senso máis amplo da palabra, traballando en aqueles temas que permitan ao sector innovar, renovarse e darse a coñecer á sociedade.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará **OITENTA MIL EUROS (80.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria





06.02.734A.481.00 proxecto 2019/00015 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

Pablo Fernández Vila

